



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 7 DE FEBREIRO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Decreto polo que se crea a Rede galega de centros de día de atención social para persoas con Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Decreto polo que se modifica o Decreto 36/2006, do 23 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Deporte

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Decreto polo que se modifica o Decreto 536/2005, do 6 de outubro polo que se modifica a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e se establece a estrutura orgánica básica do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a *Universidad de la República*, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a *Universidade de São Paulo*, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas



- Acordo polo que se aproba o Plan galego de convivencia, cidadanía e integración para o período 2008-2011

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o gasto, por unha contía de sete millóns trescentos vinte e oito mil seiscientos trinta e seis euros con setenta e nove céntimos (7.328.636,79 euros), correspondente á obra *Acondicionamento da estrada OU-901 Cea-Límite de provincia- A Barrela (N540) Treito A Grela límite de provincia*

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia de Ourense o *Foulión tradicional do entroido (Manzaneda)*

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto da modificación do contrato de execución das obras do Museo da Historia de Galicia, para ampliar as súas superficies de exposición

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello do Rosal, para a execución da obra *Pequenas obras de saneamento. Saneamento na Portela. O Rosal (Pontevedra)*, clave OH.336.770, por importe de trescentos dezaoto mil seiscientos sesenta e nove euros con noventa e dous céntimos (318.669,92 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico e financeira da Xunta de Galicia do Concello de Cuntis para a execución da obra *Actuacións de saneamento na comunidade autónoma. Saneamento na parroquia de Troáns. 1ª fase. Cuntis (Pontevedra)*, clave OH.336.523, por importe de setecentos seis mil douscentos setenta e cinco euros (706.275,00 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia cos concellos de Carnota e Dumbría para a execución da obra *Mellora do saneamento na comunidade autónoma. Saneamento do Ézaro e do Pindo. Carnota e Dumbría (A Coruña)*, clave OH.315.712, por importe de dous millóns seiscientos



oitenta e cinco mil oitocentos trinta e dous euros con oitenta e dous céntimos (2.685.832,82 euros)

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Esgos, para a Execución da obra *Mellora das redes de saneamento. Mellora das redes de abastecemento e saneamento do Concello de Esgos. Esgos (Ourense)*, clave OH.532.471, por importe de catrocentos cincuenta e nove mil cincocentos euros (459.500,00 euros)

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello da Veiga, para a execución da obra *Pequenas obras de saneamento. Saneamento na Veiga. A Veiga (Ourense)*, clave OH.332.597, por importe de cincocentos dezaoto mil euros (518.000 euros)



O GOBERNO GALEGO APROBA A CREACIÓN DA REDE GALEGA DE CENTROS DE DÍA DE ALZHEIMER QUE CONTARÁ CON ONCE RESIDENCIAS

- *A rede estará composta por centros de día e por unidades de Alzheimer, instalacións especializadas dentro de centros de atención a maiores*
- *Sete centros ubicaranse nas sete grandes cidades galegas e os outros catro situaranse en Moaña, Ribeira, O Porriño e Monforte de Lemos*
- *O decreto hoxe aprobado permitirá que se poidan sumar á rede aqueles centros de titularidade local ou privada que o soliciten e que cumpran os requisitos exixidos*
- *O decreto prevé que poderán existir unidades de atención a enfermos de Alzheimer dentro de centros de atención a persoas maiores*
- *Actualmente existen en Galicia preto de 50.000 persoas diagnosticadas de Alzheimer e outras demencias*
- *A rede de centros de día pretende propiciar o mantemento das persoas usuarias no seu contorno nas mellores condicións*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe o proxecto de decreto polo que se crea a Rede Galega de Centros de Día de atención social para persoas con Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas. Trátase de centros concibidos como equipamentos de servizos sociais dirixidos a proporcionar unha atención social especializada ás persoas que padecen este tipo de demencias e ás súas familias.

Esta rede estará composta alomenos polos once centros que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar está pondo en marcha coa colaboración das asociación de enfermos e familiares de enfermos de Alzheimer. Sete centros estarán nas sete grandes cidades galegas e os outros catro situaranse en Moaña, Ribeira, O Porriño e Monforte de Lemos. Ademais destes centros autonómicos, este decreto recolle que se poderán sumar á rede aqueles centros de titularidade local ou privada que o soliciten e que cumpran os requisitos esixidos e as previsións establecidas no decreto hoxe aprobado. Trátase, en definitiva, de ampliar a rede de apoio ás persoas que padecen Alzheimer por todo o territorio, fomentando así a cohesión social e o reequilibrio territorial, evitando que existan discriminacións no acceso aos recursos sociais por motivos de residencia nun lugar ou noutro.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar pon en marcha esta rede, tendo en conta que o Alzheimer representa a primeira causa de demencia nos países desenvolvidos, xa que en Galicia, por exemplo, existen preto de 50.000 persoas diagnosticadas de Alzheimer e outras demencias. Desenvólvese esta rede tendo en conta as elevadas necesidades asistenciais que precisan as persoas que padecen Alzheimer e outras demencias e tendo en conta ademais as necesidades de apoio dos seus familiares.



Características

Segundo o decreto, terán a consideración de centros de día de Alzheimer aqueles equipamentos que lles proporcionan un servizo multidisciplinar de atención diúrna e de carácter especializado ás persoas diagnosticadas de Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas. Estes centros prestarán unha atención social integral ás persoas que padecen estas demencias de acordo coas súas necesidades básicas, terapéuticas e psicosociais. Nesta asistencia contarase en todo momento coa participación activa dos seus familiares, promovendo o mantemento da súa autonomía persoal e a permanencia no seu contorno habitual.

Ademais dos centros de Alzheimer, o decreto establece tamén que poderán existir unidades de Alzheimer, é dicir, equipamentos para prestar servizos de atención diúrna de carácter especializado a estas persoas dentro dun centro de atención a persoas maiores.

Poderán acceder aos centros de día e unidades de Alzheimer as persoas que, con independencia da súa idade, teñan diagnosticada a enfermidade. Con carácter xeral, os centros de día de Alzheimer contarán cun número máximo de corenta prazas (excepcionalmente e debidamente xustificado poderá incrementarse este número) e as unidades de Alzheimer terán un máximo de quince prazas. Os centros poderán ademais desenvolver programas de carácter comunitario dirixidos a un número maior de enfermos de Alzheimer e outras demencias da zona.

Servizos

Os centros e unidades de Alzheimer ofrecerán atención integral ás persoas usuarias nas súas necesidades básicas, sociais, terapéuticas e psicolóxicas. Desenvolverán, facilitando a participación activa dos familiares, actividades preventivas e rehabilitadoras, así como todo tipo de actividades pra fomentar as relacións sociais e a interacción dos usuarios dos centros entre si e cos seus familiares. Garantirase ademais o coidado persoal das persoas usuarias e o apoio preciso no desenvolvemento das actividades da vida diaria durante a súa estadía nos centros.

Os centros favorecerán ademais o apoio aos cuidadores informais mediante a atención social e psicolóxica e o asesoramento sobre estimulación cognitiva e sobre a adaptación do contorno e as axudas técnicas necesarias. Potenciarase tamén a formación básica e continuada dos familiares cuidadores e dos profesionais da rede e desenvolveranse servizos e programas de carácter comunitario.

Obxectivos

A Rede de Centros de Día de Alzheimer e outras demencias ten, entre os seus obxectivos principais, o de propiciar o mantemento das persoas usuarias co seu contorno nas mellores condicións posibles e cunha digna calidade de vida e potenciar



a participación dos familiares das persoas usuarias nas actividades desenvolvidas nos centros integrados na rede, así como prestar a axuda necesaria ás persoas coidadoras, facilitando así a conciliación da súa vida laboral e persoal. A rede tamén vai fomentar e mellorar a formación e capacitación do persoal que preste os seus servizos profesionais nos centros que a integran, así como a dos familiares e do persoal voluntario que participe no desenvolvemento das actividades previstas.



CULTURA MODIFICA A ESTRUTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA PARA REFORZAR O SEU SISTEMA ADMINISTRATIVO

- *Ante a próxima apertura ao público dos edificios da Biblioteca e o Arquivo Nacional na Cidade da Cultura, incorpóranse as estruturas administrativas para xestionar ambos centros*
- *A Dirección Xeral de Creación e Difusión contará cun novo servizo específico destinado a promover a creación cultural*
- *O Consello da Xunta vén de aprobar estas modificacións puntuais dirixidas a xestionar novas competencias*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación da estrutura orgánica da Consellería de Cultura para reforzar o seu sistema administrativo garantindo a xestión de novas competencias nos ámbitos do Arquivo e a Biblioteca Nacional e a Creación Cultural.

O desenvolvemento do proxecto constructivo da Cidade da Cultura vai permitir a apertura ao público o próximo ano da Biblioteca e do Arquivo Nacional. Ao tratarse de dúas institucións cabeceiras dos sistemas bibliotecarios e arquivísticos do país, precísase establecer unha estrutura administrativa capaz de garantir e xestionar o funcionamento dos dous edificios. Para acometer estas funcións crearase dentro das direccións xerais de Creación e Patrimonio dúas Subdireccións e Servizos da Biblioteca e o Arquivo Nacional de Galiza, respectivamente.

Así mesmo, a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural contará cun novo servizo de Creación Cultural destinado a reforzar a estrutura administrativa da Consellaría e a través do cal se xestionarán as competencias de promoción e difusión.

E os servizos que na actualidade se dedican ao Libro e Bibliotecas, e a Estudos e Publicacións quedará dividido en Servizo de Bibliotecas, por un lado, e Servizo do Libro e Publicacións, por outro. Ao primeiro deles correspóndenlle as funcións de xestión da política bibliotecaria como a creación de novas bibliotecas, modernización, axudas, bolsas, informatización e cursos... En canto, ao Servizo do Libro e Publicacións as súas competencias están dirixidas ás disposicións legais do sector, á organización de feiras, e actividades de animación á lectura, coordinación de publicacións, etc..

Estes cambios de carácter administrativo teñen como obxectivo garantir a xestión das novas competencias xurdidas no ámbito da Cidade da Cultura e reforzar o funcionamento doutros servizos de creación e difusión cultural.

A CONSELLERÍA DE TRABALLO ACTUALIZA A SÚA ESTRUTURA ORGÁNICA PARA POTENCIAR A IGUALDADE E A SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

- *A nova estrutura orgánica da Consellería senta as bases para a posta en marcha efectiva do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, aprobou o decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e a estrutura básica do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga). Con este documento a Consellería fai unha aposta polo potenciamento da igualdade e da seguridade e saúde laboral.

De feito, con este decreto o Goberno galego senta as bases para a posta en marcha efectiva do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia. Trátase dun organismo autónomo que naceu no seo do proceso de diálogo social en Galicia e que foi aprobado no Pleno do Parlamento o pasado 16 de outubro de 2007. En cumprimento da lei pola que se crea e se regula o Issga, resultaba necesario establecer unha estrutura do mesmo.

Por outra banda, en cumprimento da Lei do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia, a Consellería de Traballo crea o Servizo de Igualdade Laboral, unha unidade administrativa de igualdade que dependerá da Secretaría Xeral. Este servizo será o órgano encargado de integrar a dimensión de xénero no ámbito das competencias da Consellería de Traballo.

Coa entrada en vigor do decreto, que será ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a Subdirección Xeral de Seguridade e Saúde Laboral e os centros de seguridade e saúde laboral provinciais integraranse no Issga. Como consecuencia, o seu persoal pasará a depender deste organismo autónomo, que será o encargado de xestionar e coordinar as políticas que, en materia de seguridade, hixiene e saúde laboral, establece a Xunta de Galicia.

Polo tanto, a partir da aprobación deste decreto, a Subdirección Xeral de Seguridade e Saúde Laboral dependerá directamente do Issga. Na Dirección Xeral de Relacións Laborais permanecerá un servizo encargado da xestión daquelas competencias na materia atribuídas polo marco normativo aplicable á autoridade laboral.

A estrutura do Issga contará cos seguintes órganos: a Dirección do instituto e unha Comisión de Goberno. A xestión administrativa do Instituto desenvolverase a través de dúas direccións xerais: a Subdirección Xeral de Administración e Persoal, da cal dependerá o Servizo de Administración Xeral, e a Subdirección Xeral Técnica e de Planificación, da cal dependerá o Servizo Técnico de Planificación.



AS UNIVERSIDADES DE SÃO PAULO E LA REPÚBLICA DIFUNDIRÁN A LINGUA E A CULTURA GALEGAS A TRAVÉS DOS SEUS PLANS DE ESTUDO

- *Os alumnos da Universidade de São Paulo en Brasil poderán recibir por primeira vez neste curso a materia de Lingua e Cultura Galegas*
- *A Secretaría Xeral de Política Lingüística renova ademais a colaboración coa Universidade de La República, en Uruguai, para proseguir coa docencia, a investigación e a promoción da lingua galega*
- *Na actualidade, a rede de difusión exterior do galego está composta por 45 centros de estudos e 36 lectores*

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de São Paulo, en Brasil, van colaborar por primeira vez na docencia, na investigación e na promoción da lingua galega. O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre o departamento autonómico e a entidade académica. Ademais, tamén acordou renovar a colaboración coa Universidade de La Republica, en Uruguai, para que a lingua e a cultura galegas sigan a formar parte do plan de estudos desta universidade.

A colaboración con estas universidades enmárcase nunha das liñas básicas de actuación de Política Lingüística de subscribir convenios con universidades de prestixio do exterior interesadas en incluír o ensino da lingua, a literatura e a cultura galegas nos seus programas académicos.

Nesta liña, o Plan xeral de normalización da lingua galega recolle entre os obxectivos relacionados coa promoción exterior do galego, o de consolidar o ensino e a investigación do galego nas universidades en que xa existe como materia de estudo e introduciilo noutras universidades de interese estratéxico.

A través destes convenios de colaboración, as universidades comprométense coa Administración galega a desenvolver accións que non se cinxan estritamente ao ámbito académico, senón que cheguen tamén á súa área de influencia. Conferencias, mesas redondas, seminarios ou exposicións son algunhas das actividades que se van programar desde estas entidades académicas para traspasar o ámbito universitario na difusión da lingua.

A rede de difusión exterior do galego conta na actualidade con 45 centros de estudos galegos e 36 lectores.



A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 30 MILLÓNS DE EUROS EN FAVORECER A INTEGRACIÓN DOS INMIGRANTES A TRAVÉS DO PLAN GALEGO DE CONVIVENCIA, CIDADANÍA E INTEGRACIÓN

- *Este plan aposta pola integración laboral e no ensino como pasos fundamentais para a convivencia e a busca de espazos de encontro entre galegos e inmigrantes*
- *O Goberno galego investirá en 2008 7,2 millóns de euros para desenvolver este plan*
- *A Secretaría Xeral de Emigración destinará 1 millón de euros ás sete cidades galegas e ao Consorcio das Mariñas para que calquera inmigrante poida acceder aos servizos de atención inmediata a menos de 50 quilómetros do seu domicilio.*
- *En Galicia residen 81.446 estranxeiros e estudan 11.658 alumnos estranxeiros dos cales o grupo máis numeroso é o de primaria, con 5.197 estudantes*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o Plan galego de convivencia, cidadanía e integración 2008-2011, un plan promovido pola Secretaría Xeral de Emigración que suporá un investimento de máis de 30 millóns de euros e ten como obxectivo conseguir a plena integración dos inmigrantes na sociedade galega. Este plan, que en 2008 prevé unha achega de 7.264.767 millóns de euros, contou na súa elaboración coa participación do Consello Galego da Inmigración, un órgano en que están representadas as administracións estatal, autonómica e local, sindicatos, asociacións, ONG's e universidades e que elaborou un informe preceptivo previo ao plan.

O Plan galego de convivencia aposta pola integración dos inmigrantes priorizando o acceso normalizado aos servizos públicos, a promoción da integración laboral e o impulso da convivencia cidadá en termos de diversidade. As accións que contén o plan teñen un enfoque integral e multidisciplinar da integración recollendo aspectos económicos e sociais, culturais, relixiosos, cidadáns e de dereitos públicos. As áreas en que se levarán a cabo máis accións serán educación (40 accións) e traballo (63) – dun total de 308 previstas no plan–, nunha aposta pola integración laboral e no ensino como pasos fundamentais para a convivencia e a busca de espazos de encontro entre galegos e inmigrantes.

No plan promovido pola Secretaría Xeral de Emigración participan todas as administracións pero cobra un especial protagonismo a Administración local por ser a máis próxima ao cidadán. Por iso, unha das primeiras medidas que se impulsarán desde a Presidencia da Xunta será dotar as principais cidades galegas de recursos para dar unha resposta eficaz ás demandas da poboación inmigrante. Con este obxectivo, e tal e como se aprobou no Consello da Xunta do pasado 31 de xaneiro, a Secretaría Xeral de Emigración destinará 1 millón de euros ás sete cidades galegas e ao Consorcio das Mariñas para que calquera inmigrante poida acceder aos servizos de atención inmediata a menos de 50 quilómetros do seu domicilio.



Ademais de garantir a integración social e laboral dos inmigrantes, o plan aprobado hoxe polo Consello da Xunta ten como obxectivos incorporar a perspectiva de xénero en todas as actuacións en materia de inmigración, loitar contra o racismo e maila xenofobia e contra calquera tipo de discriminación e mellorar a coordinación entre as administracións públicas, potenciando o papel dos concellos.

Agora mesmo, e segundo o padrón de xaneiro de 2007, residen en Galicia 81.446 estranxeiros, dos que 41.810 son mulleres e 39.632, homes. A provincia con máis poboación estranxeira é Pontevedra, con 31.805 empadroados seguida da Coruña con 28.137. Ademais, a cifra de alumnado estranxeiro en Galicia no presente curso 2007-2008 é de 11.658 dos que o grupo máis numeroso é o de Primaria, con 5.197 estudantes estranxeiros.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 8,3 MILLÓNS DE EUROS NO ACONDICIONAMENTO DUN TREITO DA ESTRADA ENTRE CEA E A BARRELA

- *A actuación incrementará a seguridade no eixo de comunicación natural entre as localidades do Carballiño e Chantada*
- *As obras permitirán ensanchar e mellorar a plataforma actual, corrixir curvas e mellorar a xeometría en planta e alzado*
- *Con esta actuación, a estrada pasará a ter unha plataforma de 11 metros de ancho, co que se duplicará a actual*

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e transportes investirá un total de 8,3 millóns de euros nas obras de acondicionamento da estrada entre Cea e o límite das provincias de Lugo e Ourense, OU-901, no treito que vai dende A Grela (termo municipal de Cea) ata o límite provincial. O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto necesario que se refire exclusivamente ás obras propiamente ditas, un total de 7,3 millóns de euros. A esta cifra hai que engadir o pago de expropiacións (que acada case un millón de euros) entre outros.

As obras de acondicionamento do treito entre A Grela e o límite de provincia (de case dez quilómetros nos concellos de San Cristovo de Cea e Vilamarín) abranguen o ensanche e mellora da plataforma actual, a corrección de curvas e a mellora da xeometría en planta e alzado. A actuación contribuirá á incrementar a seguridade de circulación nesta estrada que constitúe un eixo de comunicación natural entre as localidades do Carballiño (Ourense) e Chantada (Lugo).

Actualmente, a OU-901 caracterízase por un trazado moi sinuoso, poucas zonas con visibilidade suficiente para adiantar e múltiples cambios de rasante, polo que a CPTOPT considera necesario unha actuación co fin de dotar á estrada das medidas de seguridade necesarias.

O treito obxecto de actuación a día de hoxe ten un ancho de calzada de seis metros en todo o seu percorrido repartidos en dous carrís, sen beiravías e cun firme en deficiente estado de conservación. Tralas obras, a estrada pasará a ter unha plataforma de 11 metros de ancho composta por dous carrís de 3,5 metros cada un, dúas beiravías de 1,5 metros e dúas bermas de 0,5. Así mesmo o proxecto de acondicionamento contempla tres estruturas de pasos inferiores nos puntos quilométricos 4 + 400, 5 + 600 e 6 + 300.



A XUNTA DECLARA O ENTROIDO DE MANZANEDA FESTA DE INTERESE TURÍSTICO

- *A antigüidade e o arraigo desta celebración singular determinaron a declaración*

O Consello da Xunta declarou hoxe, a proposta da Consellería de Innovación e Industria, a celebración do Entroido de Manzaneda, na provincia de Ourense, como festa de interese turístico de Galicia. A festa, da que non se ten constancia do seu inicio debido á antigüidade da mesma, ten no domingo “gordo” ou domingo de Entroido e no martes de Entroido os seus días máis importantes.

Para fallar favorablemente a esta declaración como festa de interese turístico, a Comisión de Valoración de Festa de Galicia de Interese Turístico, presidida pola Dirección xeral de Turismo da Consellería de Innovación e Industria, valorou características tales como a antigüidade e arraigo da festa, coa súa celebración dende ‘tempos inmemoriais’ cunhas cotas de participación que se estiman de preto de 2000 persoas o día de martes de Entroido; a súa singularidade, posto que na provincia de Ourense existe unha gran tradición da celebración do Entroido, sendo a do concello de Manzaneda unha manifestación única e peculiar destas festas, con elementos propios e característicos que non existen noutros punto xeográficos, como poden ser a mázcara, o boi, os fulións ou os lardeiros. Ademais, esta peculiaridade mantívose intacta debido ao illamento dos pobos desta zona montañosa.

Outro elemento que se tivo en conta é o seu alto valor cultural e etnográfico, xa que recupera a mellor da tradición do Entroido desta zona e ao contar, como xa quedou explicado, de elementos propios que caracterizan e distinguen esta zona con respecto ao resto das provincias.

Os actos que caracterizan o Entroido de Manzaneda son roldas de fulións uns quince días antes dos días grandes, o xoves de comadres, xoves de compadres, domingo de Entroido e martes de Entroido. Os folións é unha comitiva carnavalesca vestida de xeito sinxelo que tocan incesantemente un ritmo que se repite diante das que bailan as mázcaras, vestidas de xeito colorista e peza clave do Entroido de Manzaneda.



O GOBERNO GALEGO ACORDA MODIFICAR O CONTRATO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DO MUSEO DE HISTORIA DE GALICIA, SITUADO NA CIDADE DA CULTURA, CO FIN DE AMPLIAR A SÚA SUPERFICIE DE EXPOSICIÓN

- *A obra corresponde a unha modificación prevista xa no Plan Director do Museo da Historia de Galicia, aprobado en 2004*
- *O Goberno galego informou desta modificación ao Parlamento galego no seo da Comisión de Investigación da Cidade da Cultura*
- *Esta modificación orzamentaria non supón ningún incremento respecto do custo final das obras da Cidade da Cultura achegadas polo Goberno galego na Comisión de Investigación*

O Consello da Xunta autorizou, na súa reunión de hoxe, o expediente de gasto polo que se modifica o contrato de execución das obras do Museo da Historia de Galicia, co fin de ampliar a súa superficie de exposición. Este acordo artículase, no marco do redeseño dos contidos dos edificios da Cidade da Cultura, onde se adoptou a decisión de manter os usos previstos para o edificio do Museo da Historia de Galicia e subliñouse a necesidade de ampliar e optimizar a superficie útil para exposicións con respecto á dos outros usos previstos no Museo.

A obra corresponde a unha modificación prevista xa no Plan Director do Museo da Historia de Galicia, aprobado en 2004.

Así, para este fin acórdase destinar un total de 7,1 millóns de euros co fin de ampliar estas instalacións, que terán un prazo de 22 meses para a súa construción. Este aumento de orzamento está incluído nos incrementos orzamentarios que se presentaron durante a Comisión de Investigación da Cidade da Cultura, que se desenvolveu recentemente no Parlamento de Galicia. Esta modificación orzamentaria non supón un incremento do custo das obras da Cidade da Cultura con respecto aos datos achegados polo Goberno galego no seo desa Comisión de Investigación.

Este acordo supón ampliar a superficie das salas de exposición en 1.301 metros cadrados útiles, equivalentes a un incremento do 24,48 por cento respecto aos 5.315 metros cadrados inicialmente previstos. O proxecto incorpora tamén diversas melloras exixidas polo Código Técnico da Edificación e outras melloras ou solucións construtivas necesarias para resolver as incidencias xurdidas durante a execución das obras. En definitiva, supón unha mellora técnica substancial no edificio que acollerá o Museo.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DESTINA MÁIS DE 1 MILLÓN DE EUROS A OBRAS DE SANEAMENTO EN PARROQUIAS DOS CONCELLOS DE CUNTIS E O ROSAL (PONTEVEDRA)

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración entre a consellería e os concellos de Cuntis e O Rosal para a execución das obras, que financiará na súa totalidade a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH)*
- *En Cuntis executarase a primeira fase de saneamento da parroquia de Troáns, cun investimento de 706.275 euros; mentres que no Rosal a Consellería de Medio Ambiente investirá 318.669 euros en pequenas obras de saneamento na Portela*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará algo máis de 1 millón de euros a obras de saneamento nos concellos de Cuntis e O Rosal, na provincia de Pontevedra. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración entre a consellería e ambos os concellos para a execución destes proxectos, que serán financiados na súa totalidade a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH).

Cuntis

En Cuntis, a Consellería de Medio Ambiente investirá 706.275 euros nas actuacións da primeira fase de saneamento na parroquia de Troáns, na que hai varios núcleos que non dispoñen dunha rede axeitada e, polo tanto, realizan as verteduras directamente aos regatos da zona. As obras, que contan cun prazo de execución de 12 meses, permitirán dotar a varios núcleos de poboación dun sistema para eliminar as actuais verteduras incontroladas de fecais que desembocan no encoro de Caldas de Reis, evitando así a contaminación fluvial e protexendo o ecosistema.

As obras desta primeira fase inclúen a instalación de 6.112 metros de colectores que recollerán as augas fecais e as levarán á EDAR, proxectada para 500 habitantes equivalentes, así como ao emisario, que verterá as augas xa depuradas ao encoro e que terá unha lonxitude de 200 metros.

O proxecto será financiado en dúas anualidades, a primeira por importe de 300.000 euros, correspondente a este ano; e a segunda, con cargo aos orzamentos do 2009, de 406.275 euros.

O Rosal

Por outra parte, Medio Ambiente destinará 318.669 euros á realización de pequenas obras de saneamento na Portela, no Concello do Rosal. O proxecto ten un prazo de execución de catro meses e ten por obxecto a construción dunha rede de saneamento a partir da principal, xa existente, ca fin de solución as carencias do saneamento na zona.



As actuacións previstas inclúen a instalación de cinco tramos de tubos de saneamento de 315 mm de diámetro, así como a reposición do pavimento afectado polas obras.



AS PARROQUIAS DO ÉZARO E O PINDO, NAS LOCALIDADES CORUÑESAS DE DUMBRÍA E CARNOTA DISPORÁN DUNHA NOVA REDE DE SANEAMENTO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 2,7 MILLÓNS DE EUROS

- *A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través da administración hidráulica, financiará o 100% da actuación*

O Goberno galego deu hoxe luz verde ao proxecto de saneamento que permitirá solucionar as carencias de saneamento que teñen na actualidade as parroquias do Ézaro (Concello de Dumbría) e O Pindo (Concello de Carnota), na provincia da Coruña. Por proposta da Consellería de Medio Ambiente foi aprobada polo Consello da Xunta a actuación, que consistirá na construción dunha rede de colectores para a recollida das augas residuais de ambas parroquias as dúas, que suporá un investimento de 2.685.832 euros. Esta contía será financiada na súa totalidade pola Administración hidráulica.

O proxecto prevé a construción dunha rede de colectores de saneamento ao longo da estrada C-550 para recoller as augas de ambas as dúas parroquias; e a súa condución á estación depuradora de Caldebarcos, situada en O Pindo. A Administración hidráulica optou por este proxecto conxunto para resolver as deficiencias no sistema de saneamento que presentaban ambas as dúas parroquias, ante a dificultade de establecer solucións individuais para cada unha delas. As obras contan cun prazo de execución de 9 meses.



O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ 977.500 EUROS EN MELLORAS NAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DAS LOCALIDADES OURENSÁS DE ESGOS E A VEIGA

- *A Administración hidráulica renovará e ampliará os colectores na Veiga por importe de 518.000 euros*
- *A Esgos destínase un orzamento de 459.500 euros á dotación de servizo de saneamento e abastecemento a oito núcleos de poboación*

Os concellos ourensáns de Esgos e A Veiga serán obxecto dun investimento de preto dun millón de euros por parte da Consellería de Medio Ambiente, a través da Administración hidráulica. Concretamente, trátase de dous proxectos, que foron aprobados hoxe no Consello da Xunta, que permitirán mellorar e dotar de novos servizos de saneamento e abastecemento a ambas as dúas localidades.

A Veiga

O Concello da Veiga será obxecto das actuacións necesarias para executar dúas redes separativas de pluviais e de saneamento, canalizando estas últimas á estación depuradora existente. Con esta obra, cuxo orzamento ascende a 518.000 euros, contribuirase a mellorar o funcionamento das redes e da propia depuradora. O prazo de execución do proxecto é de 18 meses.

Esgos

Pola súa banda, na localidade de Esgos levaranse a cabo dous proxectos, encamiñados a dotar sete núcleos de poboación de novos servizos de abastecemento e saneamento. Concretamente, a administración hidráulica investirá 459.500 euros na construción das redes principais de saneamento nos núcleos de Pardeconde, Lobaces, Esgos e a conexión de Alto do Couso ata Cachamuíña; así como a dotación de abastecemento a Soutelo, Laioso, Lama e Tarreirigo. As obras teñen un prazo de execución de 6 meses.